**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2023**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:
Dª Mª Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández.(PSdeG-PSOE)
Dª Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro. (PSdeG-PSOE)
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)
Dª Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)
Dª. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)
Dª. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Secretaria Xeral:
Dª Ana Ramos Ramos

Interventora municipal:
D. Lucía Varela Martínez

NON ASISTE
Dª María Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal, que dá fe do acto.

A Presidencia abre a sesión.

Antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Presidente indica que se vai dar lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25N CONCELLO DE PONTEDEUME,** acordada polos Grupos Políticos Municipais.

**« DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25N CONCELLO DE PONTEDEUME**

O 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, é a data sinalada pola Organización das Nacións Unidas para lembrar ás vítimas de violencia de xénero en calquera das súas



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

múltiples manifestacións e facer consciente a todos os gobernos e a toda a sociedade neste mundo culturalmente tan diverso que ten unha débeda pendente coas mulleres.

O Pleno do Concello de Pontedeume, no día de hoxe, propón e asume o compromiso de loitar contra a violencia de xénero e calquera discriminación que faga vulnerable as persoas, polo simple feito de ser muller ou pola súa condición sexual, para o que propoñemos unha serie de actuacións de cara a acadar unha cidadanía libre de prexuízos e estereotipos sexistas, baseada en relacións de igualdade de xénero e nunha educación en valores igualitarios:

- Colaborar coas áreas de Xuventude e Deporte para revisar os modelos de intervención coa xuventude de cara a prevención de actitudes sexistas e discriminatorias.

- Desenvolver cursos de formación e/ou xornadas informativas, dirixidas aos diferentes colectivos profesionais que interveñen no proceso da violencia de xénero para mellorar non só a atención as vítimas, senón tamén os mecanismos de detección precoz.

-Aplicar e implementar a implantación do sistema Viogen de protección ás vítimas de violencia sexual ao que este concello ven de adherirse nos pasados días.

-Demandar á consellería de ensino da xunta de Galicia o incremento de recursos para a concienciación e a formación do alumnado en materia de igualdade dende as primeiras etapas da formación académica ata as derradeiras etapas da ensinanza incidindo na importancia que as redes sociais teñen sobre este tema.

-Instar á renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero asinado no ano 2017.

-Reclamar a ampliación da rede de Centros de Información da Muller, incrementando as achegas económicas tanto para o desenvolvemento das actividades destes centros como para o seu mantemento.

-Incidir na información sobre detección e prevención de condutas machistas no ámbito do rural cunha programación de xornadas específicas nas diferentes parroquias.

-Seguir traballando para que a transversalidade de xénero sea asumida dende todas as áreas municipais; utilizando como ferramenta básica de partida o emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva

A violencia de xénero non ten cabida na nosa sociedade. Unha sociedade que quere avanzar, deixar atrás o patriarcado e vivir en total igualdade de dereitos, respectándose na súa diversidade».

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 26.10.2023**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*“PROPOSTA DE ACORDO*

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR***

*Expediente TEDeC:* ***2023/G006/000221***

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*
***SESIÓN ORDINARIA 26.10.2023***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO****. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

*-* ***SESIÓN ORDINARIA 26.10.2023*** *(borrador asinado o día 27.11.2023)*

**SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte**:**

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- **SESIÓN ORDINARIA 26.10.2023** (borrador asinado o día 27.11.2023)

**SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27 de novembro de 2023

***«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE NOVEMBRO DE 2023***
***EXPDTE: 2023/G012/000016***

***2.- CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***PROPOSTA DE ACORDO***

*Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade ente mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciables que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.*

*Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.*

*Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*

*Como consecuencia do exposto con anterioridade, e a vista das competencias legalmente atribuídas,*

***PROPOÑO**:*

***PRIMEIRO**: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do concello de Pontedeume*

*Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:*
*Presidencia:*

*Presidencia*

*-O alcalde-presidente/a do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.*

*Vogalías:*
*- Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero*
*- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM*
*- Persoal dos servizos sociais municipais*
*- Representante da policía local*
*- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)*
*- Representante dos centros educativos*
*- Representante dos servizos sanitarios*
*- Representante da Subdelegación del Gobierno en A Coruña*
*-Outros representantes que expresamente se determine, por razón da materia, e aos que se convoque debidamente. (Xunta de Galicia, eido xurídico, colexios de avogados/as, emprego, , etc)*

*Secretaría:*
*A da Corporación ou funcionario/a en quen delegue*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO****: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.*

*Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita, por* ***UNANIMIDADE*** *dos concelleiros e concelleiras presente.*»

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra o concelleiro portavoz do BNG, don Luis Pena Mosquera, que indica que figura como membro da mesa un representante do CIM, pero que a día de hoxe non hai ese servizo no Concello de Pontedeume.

Toma a palabra a concelleira portavoz do PSdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que indica que non existe ese departamento na actualidade, pero que a creación desta Mesa é un dos pasos máis que se están dando derivados da adhesión ao protocolo VIOGEN, que a composición da mesa inclúe persoal a membros dos ámbitos educativo, sociais, sanitarios e seguridade cidadá, polo que a consideran un acerto.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte**:**

**PRIMEIRO**: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do concello de Pontedeume

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:
Presidencia:

Presidencia

-O alcalde-presidente/a do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogalías:
- Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero
- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM
- Persoal dos servizos sociais municipais
- Representante da policía local
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)
- Representante dos centros educativos
- Representante dos servizos sanitarios
- Representante da Subdelegación del Gobierno en A Coruña
-Outros representantes que expresamente se determine, por razón da materia, e aos que se convoque debidamente. (Xunta de Galicia, eido xurídico, colexios de avogados/as, emprego, , etc)



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Secretaría:
A da Corporación ou funcionario/a en quen delegue

**SEGUNDO**: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

**3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL. PARCIAL 1/2023**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27 de novembro de 2023

***«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE NOVEMBRO DE 2023***
***EXPDTE: 2023/G012/000016***

***3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL. PARCIAL 1/2023***

***PROPOSTA DE ACORDO***

***RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL. PARCIAL 1/2023***

***(Expte TEDeC: 2023/X998/000064)***
***(Expte TEDeC: 2023/G006/000217)***

*Visto o "INVENTARIO DE PATRIMONIO DEL CONCELLO DE PONTEDEUME", con rexistro de entrada municipal de data 19.12.2012 núm. 7473.*

*Visto que por medio de acordo plenario de data 28.02.2013 acórdase entre outros, a aprobación do inventario de bens municipais.*

*Vista a Acta de recepción do inventario municipal do día 17 de xullo de 2013, con posterioridade á data de aprobación por parte do Pleno municipal.*

*Visto o escrito presentado por Dona Sandra García Díaz o día 19.05.2014 (nre 3124), en representación da entidade INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD SA, na que se indica literalmente: "Se hace entrega de inventario de Patrimonio Concello que sustituye al que se registró con fecha 19/12/2012 por modificaciones realizadas por Diputación".*

*Consta referencia documental da concesión do trámite de información pública a medio de publicación no BOP A Coruña nº 50 de data 13.03.2013.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Visto o acordo do Pleno do concello de data 16.12.2015 de aprobación do inventario de patrimonio municipal.*

*Vistos os informes técnicos emitidos polo arquitecto técnico municipal de data 28.03.2021, 16.08.2021 e 06.09.2021, no que entre outras, indican que os ditos camiños si figuran en catastro e no PXOM, pero non figuran no inventario de bens municipais ou non na súa totalidade.*

*Visto o documento de "Actualización Inventario de Pontedeume" realizado pola empresa Investigación y Control de Calidad SAU (INCOSA) en abril 2023.*

*Vista a providencia da Alcaldía de data 21.11.2023 na que se dispón a emisión dos informes necesarios para a aprobación da rectificación parcial do inventario de bens municipais polo Pleno do concello, no relativo aos ben que na mesma se relacionan.*

*Visto o informe xurídico emitido pola secretaria accidental o día 22.11.2023.*

*Considerando a lexislación aplicable:*

- *Artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais*
- *Artigos 86 e 87 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local*
- *Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas*

*Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondiente a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO.-*** *Aprobar a rectificación parcial 1/2023 do inventario de patrimonio municipal do concello de Pontedeume correspondente, que se considerará feita sobre o inventario de patrimonio municipal adoptado polo Pleno da corporación de data 16.12.2015, co seguinte detalle:*

*1.- Relación de fichas incluídas en Informe de actualización Inventario Pontedeume de data abril 2023, elaborado pola entidade redactora do Inventario de bens de Pontedeume INCOSA en relación coas altas, baixas e modificacións correspondentes xa efectuadas, segundo o que se indica a continuación:*

***3. VIARIO***

***3.2 CAMIÑO DE CHAO A RIOLONGO***

***1VIA0690022251 : Camino da Choupana - Ombre***
*Se modifica la geometría según el informe y se corrige error en el trazado que pasa por encima de una construcción y no completa la totalidad del recorrido.*
*Se modifica el nombre de 069 a 028 por Camino da Choupana tal y como aparece en Catastro.*
*Se modifica la longitud en la aplicación que tenía 0,42m a los 860m.*

***3.3 CAMIÑO NA REGUEIRA***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***3.3.1. 1VIA0690022214 / Camiño na Regueria - Andrade***

*Se regulariza trazado vial.*

*Nombre antiguo De N-651 a 069-013*

*Largo 0.13m se modifica por la longitud: 840m.*

***3.5 CAMIÑO DA CABRIA VELLA***

***3.5.1. 1VIA0690044338 / Camiño de Cabria Vella - Nogueirosa***

*Alta camino de 300 m. de largo x 3 m de ancho.*

***3.6 CAMIÑO DE CURIO***

***3.6.1. 1VIA0690044339 / Camiño A Insua de Curío - Boebre***

*Alta camino de 130m de largo y 5 m de ancho.*

***3.7 CAMIÑO DE PILLEIRO***

***3.7.1. 1VIA0690023685 / Rua M de BOEBRE***

*Se modifica trazado alargando la calle de manera que todo el tramo quede inventariado.*

*Longitud de 95m en lugar de 62m que tenía.*

*Ancho de 4m en lugar de 0m registrados.*

***3.8 CAMIÑO DE MONTILLOS***

***3.8.1. 1VIA0690044340 / Camiño de Montillos - Centroña***

*Alta camino de 1.230m con un ancho de 4m.*

***3.9 CAMIÑO DE ALDEA CAMPO DE COSME***

***3.9.1. 1VIA0690044341 / Camiño de Aldea Campo de Cosme***

*Alta camino de 450m de longitud y 7m de ancho.*

***3.12 CAMIÑO DO BARRAL DA RIBA (13)***

***3.12.1. 1VIA0690044345 / Rúa do Barral da Riba - Nogueirosa***

*Alta calle de 230m de longitud y 2,50m de ancho.*

***3.13 CAMIÑO DA BAIXADA DE VER***

***3.13.1. 1VIA0690044346 / Camiño da Baixada de Ver - Boebre***

*Alta camino de 200m de longitud y 6 m de ancho.*

***SEGUNDO.-*** *Incorporar a rectificación indicada no punto anterior ás fichas correspondentes do Inventario de patrimonio municipal tanto en soporte papel como en soporte dixital na aplicación www.inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume, http://extranet.summa-eng.com/Invent/pontedeume, pendente de reubicar en servidor da Deputación Provincial de A Coruña, resultando o inventario de patrimonio do concello de Pontedeume aprobado definitivamente coa revisión parcial 1 do ano 2023, sen prexuízo das actualizacións do inventario pendentes de incorporar dos exercicios económicos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, no seu caso. Neste suposto as variacións serán incorporadas nos sucesivos acordos que con carácter anual se adopten sobre o inventario municipal dando cumprimento ao indicado no Real Decreto 1732/1986, do 13 de xuño.*

***TERCEIRA****.- Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A presidencia abre a quenda para o debate*

*...//....*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, Dª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Manuela García Fachal e Don Joshua Dopico López; e **2 ABSTENCIÓNS** da concelleira do Grupo Municipal do BNG (1) Dª.Rocio Souto Torre e da concelleira do Grupo Municipal do BNG, Dª Montserrat Pico Rodeiro.»*

Indica a Secretaria Municipal, que hai un erro no ditame, na parte das votacións, que será corrixido na acta da Comisión Informativa, xa que se indica *"do Grupo Municipal do BNG, Dª Montserrat Pico Rodeiro" e debe indicar "do Grupo Municipal do PP, Dª Montserrat Pico Rodeiro"*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra o concelleiro do PSdG-PSOE, concelleiro delegado da área de urbanismo e infraestruturas, don Daniel Ríos Fernández, que o inventario municipal data do ano 2013 que conten numerosos erros, e que pouco a pouco se están a emendar; no ano 2018 se trouxeron ao Pleno case 80 rectificacións; e neste caso son 9 e para vindeiros Plenos se traerán máis, xa que o expediente de urbanismo consta un total de 25 camiños e outros bens. Continúa dicindo que na documentación do Pleno, incluíronse as fichas dos camiños e así solucionase a discrepancia que se deu no seo da Comisión Informativa en relación á valoración dos bens.

Toma a palabra a concelleira do PP dona Montserrat Pico Rodeiro, preguntando, que en base a documentación, a suma dos valores de cada ficha, se se incrementará ao patrimonio municipal, aproximadamente en 77.000 euros; e se se incorporará é o valor do viario ou o valor de venda.

Responde don Daniel Ríos Fernández que así é, existe un incremento do patrimonio municipal pero non polo valor de venda, senón polo valor do viario, xa que non se poden vender por que son bens demaniais.

Toma a palabra Don Luís Pena Mosquera, concelleiro do BNG para preguntar que valor de referencia se tomou para chegar ao valor contable, pregunta se o valor catastral.

Responde don Daniel Ríos Fernández que na medida do posible se usa o valor catastral.

Toma a palabra o Sr. Presidente que o que se vai decidir é a incorporación dos camiños ca valoración que aparece nas fichas do expediente.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte**:**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRO.-** Aprobar a rectificación parcial 1/2023 do inventario de patrimonio municipal do concello de Pontedeume correspondente, que se considerará feita sobre o inventario de patrimonio municipal adoptado polo Pleno da corporación de data 16.12.2015, co seguinte detalle:

1.- Relación de fichas incluídas en Informe de actualización Inventario Pontedeume de data abril 2023, elaborado pola entidade redactora do Inventario de bens de Pontedeume INCOSA en relación coas altas, baixas e modificacións correspondentes xa efectuadas, segundo o que se indica a continuación:

**3. VIARIO**

**3.2 CAMIÑO DE CHAO A RIOLONGO**
**1VIA0690022251 : Camino da Choupana - Ombre**
Se modifica la geometría según el informe y se corrige error en el trazado que pasa por encima de una construcción y no completa la totalidad del recorrido.
Se modifica el nombre de 069 a 028 por Camino da Choupana tal y como aparece en Catastro.
Se modifica la longitud en la aplicación que tenía 0,42m a los 860m.

**3.3 CAMIÑO NA REGUEIRA**
**3.3.1. 1VIA0690022214 / Camiño na Regueria - Andrade**
Se regulariza trazado vial.
Nombre antiguo De N-651 a 069-013
Largo 0.13m se modifica por la longitud: 840m.

**3.5 CAMIÑO DA CABRIA VELLA**
**3.5.1. 1VIA0690044338 / Camiño de Cabria Vella - Nogueirosa**
Alta camino de 300 m. de largo x 3 m de ancho.

**3.6 CAMIÑO DE CURIO**
**3.6.1. 1VIA0690044339 / Camiño A Insua de Curío - Boebre**
Alta camino de 130m de largo y 5 m de ancho.

**3.7 CAMIÑO DE PILLEIRO**
**3.7.1. 1VIA0690023685 / Rua M de BOEBRE**
Se modifica trazado alargando la calle de manera que todo el tramo quede inventariado.
Longitud de 95m en lugar de 62m que tenía.
Ancho de 4m en lugar de 0m registrados.

**3.8 CAMIÑO DE MONTILLOS**
**3.8.1. 1VIA0690044340 / Camiño de Montillos - Centroña**
Alta camino de 1.230m con un ancho de 4m.

**3.9 CAMIÑO DE ALDEA CAMPO DE COSME**
**3.9.1. 1VIA0690044341 / Camiño de Aldea Campo de Cosme**
Alta camino de 450m de longitud y 7m de ancho.

**3.12 CAMIÑO DO BARRAL DA RIBA (13)**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3.12.1. 1VIA0690044345 / Rúa do Barral da Riba - Nogueirosa**
Alta calle de 230m de longitud y 2,50m de ancho.

**3.13 CAMIÑO DA BAIXADA DE VER**
**3.13.1. 1VIA0690044346 / Camiño da Baixada de Ver - Boebre**
Alta camino de 200m de longitud y 6 m de ancho.

**SEGUNDO.-** Incorporar a rectificación indicada no punto anterior ás fichas correspondentes do Inventario de patrimonio municipal tanto en soporte papel como en soporte dixital na aplicación www.inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume, http://extranet.summa-eng.com/Invent/pontedeume, pendente de reubicar en servidor da Deputación Provincial de A Coruña, resultando o inventario de patrimonio do concello de Pontedeume aprobado definitivamente coa revisión parcial 1 do ano 2023, sen prexuízo das actualizacións do inventario pendentes de incorporar dos exercicios económicos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, no seu caso. Neste suposto as variacións serán incorporadas nos sucesivos acordos que con carácter anual se adopten sobre o inventario municipal dando cumprimento ao indicado no Real Decreto 1732/1986, do 13 de xuño.

**TERCEIRA**.- Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**4.- INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27 de novembro de 2023

***"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE NOVEMBRO DE 2023***
***EXPDTE: 2023/G012/000016***

***3.- INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)***

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)"***

***(EXPEDIENTE Nº: 2023/C004/000003)***
***(Expediente TEDeC: 2023/G003/000206)***

***ANTECEDENTES***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O Concello de Pontedeume formalizou un contrato de servizos de axuda no fogar de dependecia en data 29/05/2017, que tras as prórrogas acordadas, consta a súa vixencia ata 29/05/2021. Así mesmo, o Concello de Pontedeume asina un contrato complementario ó anterior, formalizado en data 15/05/2018, e tras as prórrogas acordadas, consta a súa vixencia ata 29/05/2020. Ámbolos dous atópanse en situación de prórroga forzosa por razón de interese público co fin de non interromper o servizo de axuda no fogar de dependencia.*

*En data 29/04/2021, en sesión ordinaria, o Pleno acorda remitir e propoñer a delegación na Deputación Provincial da Coruña da tramitación do novo contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia, cun importe de 18,08 € (sen I.V.E.). En data 05/05/2021, mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), con número 202190000000218, remitiuse a Deputación dito acordo, constando a aceptación de dito rexistro en data 05/05/2021 ás 11.43 horas.*

*En data 23/09/2021, a empresa adxudicataria solicita ao Concello unha modificación nos prezos recollidos no contrato. O día 25/11/2021, mediante sesión plenaria ordinaria, adoptouse o acordo da continuidade do contrato de servizo de axuda no fogar de dependencia coa entidade adxudicataria “Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L.” por un prezo de 15,81€ (sen I.V.E.), mentres non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación, atendendo á delegación feita na Deputación Provincial da Coruña.*

*En data 09/08/2022 ten entrada no rexistro do Concello de Pontedeume (núm. de rexistro 202299900001219) un escrito de entidade adxudicataria solicitando unha nova modificación do prezo unitario do contrato que mantén para a prestación do servizo de axuda no fogar de dependencia, con importe de 17,90 € (sen IVE).*

*Unha vez máis, en data 03/08/2023 e con núm. de rexistro 202399900001331, a entidade adxudicataria comunica que, con motivo dos elevados custos e o absentismo laboral, solicita o cese da prestación do servizo de axuda no fogar, con data fin 17/09/2023, ou, no caso de continuar, solicita un novo incremento do prezo hora até 19,79 € (sen I.V.E.).*

*Visto o informe do Rexistro Xeral deste Concello de data 04/10/2023, onde non consta a entrada de ningún documento, onde se recolla a aceptación da delegación remitida a Deputación de A Coruña en data 29/04/2021, segundo o establecido no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.*

*Consta **Estudo económico onde se determina o prezo do servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia no Concello de Pontedeume,** asinado por Juan Pablo Guerreo García, en representación da entidade INTO CONSULTING SL, e achegado en data 08/10/2023, con número de rexistro 202399900001789, onde se recolle que o prezo hora da licitación (sen I.V.E.) é 21,97€/hora.*

*Visto a comunicación de renuncia presentada en data 09/10/2023, con núm. de rexistro 202399900001798, a entidade adxudicataria da prestación do servizo de axuda no fogar, na que di “sea cual sea la oferta económica que nos ofrezca el Concello de Pontedeume”.*

*Consta **Informe de necesidade** asinada en data 19/10/2023 pola técnico de servizos sociais responsable do contrato. Neste informe xustifícase tanto a **insuficiencia de medios** por parte do Concello como a **non división lotes**, de conformidade cos artigo 116.4 e 99 da LCSP.*

*Vista a comunicación remitida por correo electrónico en data 30/10/2023 polo Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación de A Coruña, onde se recolle “ En relación con la certificación del acuerdo*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*plenario del Concello de Pontedeume de 29/04/2021 (...) Este servicio informa que la Diputación Provincial de A Coruña no ha adoptado ningún acuerdo plenario sobre este tema (…)".*

*Vista a **Providencia de Alcaldía** de data 14/11/2023, na que se solicita a emisión do documento de retención de crédito para o ano 2024 para facer fronte á dita contratación tendo en conta que nos atopamos no segundo suposto da Disposición Adicional 3º da LCSP, tramitación anticipada. No mesmo documento solicítase a emisión do informe de recursos ordinarios á efectos de determinar o órgano de contratación.*

<table>
<tr><td>TIPO DE CONTRATO</td><td colspan="4">Contrato de servizos</td></tr>
<tr><td>OBXECTO DO CONTRATO</td><td colspan="4">Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)</td></tr>
<tr><td>CÓDIGO CPV</td><td colspan="4">85310000-5 Servizos de asistencia social.<br>85312000-9 Servizos de asistencia social sen aloxamento.<br>85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos.<br>98513310-8 Servizos de axuda en tarefas domésticas</td></tr>
<tr><td>PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN</td><td colspan="2">Procedemento aberto (art. 156 LCSP)<br>Suxeito a regulación harmonizada (art. 21 LCSP)</td><td>TIPO DE TRAMITACIÓN</td><td>Ordinaria</td></tr>
<tr><td>VALOR ESTIMADO</td><td>4.194.485,81 €</td><td>VARIACIÓNS 10%</td><td colspan="2">91.123,78 €</td></tr>
<tr><td>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN</td><td>947.687,29 €</td><td>IVA 4%</td><td colspan="2">36.449,51 €</td></tr>
<tr><td>FINANCIAMENTO</td><td colspan="4">A maior parte do financiamento provén da Xunta de Galicia e da Administración Estatal, onde para o ano 2024 consta a asignación de 12,00 €/hora. Por contra, os usuarios do servizo aportan unha mínima parte de importe variable segundo a súas condicións económicas, sociais, etc. Por último, o concello de Pontedeume, financia a restante importe até cubrir o total do custo.</td></tr>
<tr><td>PRAZO DURACIÓN DO CONTRATO</td><td>1 ANO</td><td>PRÓRROGAS</td><td colspan="2">Prevense anuais, até un máximo de 3 prórrogas e unha duración total de 4 anos.</td></tr>
<tr><td>NECESIDADE A SATISFACER</td><td colspan="4">Servizos de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)</td></tr>
</table>

*Visto o **Informe da intervención** núm. 33/2023 de data 19/04/2023 sobre recursos ordinarios do orzamento e, consta o certificado de retención de crédito a futuro (RC), de data 14/11/2023 e por importe total de 947.687,29 €, con cargo á seguinte partida orzamentaria:*

| **Programa** | **Económica** | **Anualidade 2024** | **I.V.E. 4%** | **Presupuesto base licitación TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| **2313** | **22799** | 911.237,78 € | 36.449,51 € | 947.687,29 € |

*Consta **Memoria xustificativa do procedemento** asinada dixitalmente en data 22/11/2023.*

*Visto os **Pregos de Prescricións Técnicas Particulares** (en adiante PPTP), documento redactado e asinado dixitalmente pola técnico responsable do contrato en data 22/11/2023. Os pregos técnicos compleméntanse co estudo económico realizado e asinado pola mesma entidade INTO CONSULTING S.L. segundo o punto anterior.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Á vista do importe do proxecto, proponse a proponse a adxudicación do contrato mediante* ***procedemento aberto****, con varios criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas, e de conformidade co previsto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 201, coas características seguintes:*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **TIPO DE CONTRATO** | *Contrato de servizos* | | | |
| **OBXECTO DO CONTRATO** | ***Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)*** | | | |
| **CÓDIGO CPV** | *85310000-5 Servizos de asistencia social.*<br>*85312000-9 Servizos de asistencia social sen aloxamento.*<br>*85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos.*<br>*98513310-8 Servizos de axuda en tarefas domésticas* | | | |
| **PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN** | *Procedemento aberto (art. 156 LCSP)*<br>*Suxeito a regulación harmonizada (art. 21 LCSP)* | **TIPO DE TRAMITACIÓN** | *Ordinaria* | |
| **VALOR ESTIMADO** | *4.194.485,81 €* | **VARIACIÓNS 10%** | *91.123,78 €* | |
| **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN** | *947.687,29 €* | **IVA 4%** | *36.449,51 €* | |
| **FINANCIAMENTO** | *A maior parte do financiamento provén da Xunta de Galicia e da Administración Estatal, onde para o ano 2024 consta a asignación de 12,00 €/hora. Por contra, os usuarios do servizo aportan unha mínima parte de importe variable segundo a súas condicións económicas, sociais, etc. Por último, o concello de Pontedeume, financia a restante importe até cubrir o total do custo .* | | | |
| **PRAZO DURACIÓN DO CONTRATO** | ***1 ANO*** | **PRÓRROGAS** | *Prevense anuais, até un máximo de 3 prórrogas e unha duración total de 4 anos.* | |
| **NECESIDADE A SATISFACER** | *Servizos de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña).* | | | |

*Tendo en conta a lexislación aplicable ao presente expediente, e en concreto a disposición adicional segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, respecto da determinación do órgano competente e da tramitación anticipada dos expedientes de contratos, respectivamente.*

*Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO:***

***PRIMEIRO.*** *Incoar o procedemento para a contratación dun "Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)", en base ao "Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexerá a contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume", documento que foi redactado e asinado dixitalmente pola técnico responsable do contrato de data 22/11/2023, así como o estudo económico realizado e asinado por Juan Pablo Guerreo García en representación da entidade INTO CONSULTING S.L., achegado en data 08/10/2023 con número de rexistro 202399900001789, onde se recolle que o prezo hora do contrato (sen IVE.) é 21,97 €/hora. O importe do orzamento base de licitación é de 947.687,29 € (911.237,78 € +*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*36.449,51 € de IVE.), financiado pola Xunta de Galicia, pola Administración do Estado, polo Concello de Pontedeume e unha pequena parte polos usuarios do servizo, mediante procedemento ABERTO, con varios criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas, coas características seguintes:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***TIPO DE CONTRATO*** | *Contrato de servizos* | | |
| ***OBXECTO DO CONTRATO*** | ***Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)*** | | |
| ***CÓDIGO CPV*** | *85310000-5 Servizos de asistencia social.*<br>*85312000-9 Servizos de asistencia social sen aloxamento.*<br>*85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos.*<br>*98513310-8 Servizos de axuda en tarefas domésticas* | | |
| ***PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN*** | *Procedemento aberto (art. 156 LCSP)*<br>*Suxeito a regulación harmonizada (art. 21 LCSP)* | ***TIPO DE TRAMITACIÓN*** | *Ordinaria* |
| ***VALOR ESTIMADO*** | *4.194.485,81 €* | ***VARIACIÓNS 10%*** | *91.123,78 €* |
| ***ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN*** | *947.687,29 €* | ***IVA 4%*** | *36.449,51 €* |
| ***FINANCIAMENTO*** | *A maior parte do financiamento provén da Xunta de Galicia e da Administración Estatal, onde para o ano 2024 consta a asignación de 12,00 €/hora. Por contra, os usuarios do servizo aportan unha mínima parte de importe variable segundo a súas condicións económicas, sociais, etc.  Por último, o concello de Pontedeume, financia a restante importe até cubrir o total do custo .* | | |
| ***PRAZO DURACIÓN DO CONTRATO*** | ***1 ANO*** | ***PRÓRROGAS*** | *Prevense anuais, até un máximo de 3 prórrogas e un total de 4 anos.* |
| ***NECESIDADE A SATISFACER*** | *Servizos de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)* | | |

*Xustifícase a* ***utilización do procedemento aberto*** *regulado nos artigos 156 (e seguintes da LCSP) e, suxeición á regulación harmonizada á vista das características e do importe do presente contrato.*

*Xustificase a* ***non división en lotes*** *do obxecto do contrato de acordo co artigo 99.3 da LCSP, á vista do informe do técnico responsable do contrato no informe de necesidade de data 19/10/2023.*

*Xustificase a* ***necesidade da realización do presente contrato*** *de acordo co informe do servizo afectado e cos artigos 28.1 e 116.1 e 116.4 e) e f) da LCSP polos seguintes motivos:*

- *A actuación a realizar é necesaria tal e como se xustifica no prego de prescricións técnicas particulares, satisfacendo unha competencia municipal segundo o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL) e o artigo 80.2.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.*
- *O prezo estimado do contrato axústase aos prezos xerais de mercado de acordo co disposto nos artigos 100.2, 101 e 102.3 da LCSP. A realización desta contratación é a forma máis idónea de satisfacer o interese público local.*

***SEGUNDO.-*** *Realizar as seguintes actuacións na tramitación do expediente para a súa aprobación e*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*convocatoria da licitación, sen prexuízo do que se sinale no informe xurídico que se emita a tal efecto:*

- *Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas que definan o obxecto do contrato e as distintas prestacións a realizar.*
- *Unha vez que se incorporen no expediente administrativo os pregos de cláusulas administrativas particulares dar traslado á Secretaría Xeral para a emisión de informe xurídico.*
- *Que se dea traslado do expediente á Intervención Municipal para a fiscalización do expediente.*

***TERCEIRO.-*** *Completado o expediente, remitirase ao órgano de contratación competente para a súa aprobación e para a apertura da fase de licitación.*

***CUARTO***.- *Publicar o presente acordo de incoación no perfil do contratante conforme ao disposto no artigo 63 da LCSP, sen prexuízo da publicacións dos seguintes documentos no DOUE con antelación e requisitos recollidos no artigo 135 da LCSP.*

***QUINTO.-*** *Comunicarlle o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.*

*No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno »*

*A Presidencia abre a quenda para o debate*

*...//...*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita, por* ***UNANIMIDADE*** *dos concelleiros e concelleiras presentes.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Don Luís Pena Mosquera, concelleiro do BNG, para preguntar cal é o prazo previsto para ter rematado totalmente esta licitación.

O Sr. Presidente indica que dar prazos é un pouco complexo, porque é un expediente no que a experiencia indica que se pode complicar; pero dáse un paso máis na contratación de determinados servizos demandados dende hai tempo.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte**:**

**PRIMEIRO.** Incoar o procedemento para a contratación dun “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)”, en base ao “Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexerá a contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume”, documento que foi redactado e asinado dixitalmente pola técnico responsable do contrato de data 22/11/2023, así como o estudo económico realizado e asinado por



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Juan Pablo Guerreo García en representación da entidade INTO CONSULTING S.L., achegado en data 08/10/2023 con número de rexistro 202399900001789, onde se recolle que o prezo hora do contrato (sen I.V.E.) é 21,97 €/hora. O importe do orzamento base de licitación é de 947.687,29 € (911.237,78 € + 36.449,51 € de I.V.E.), financiado pola Xunta de Galicia, pola Administración do Estado, polo Concello de Pontedeume e unha pequena parte polos usuarios do servizo, mediante procedemento ABERTO, con varios criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas, coas características seguintes:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TIPO DE CONTRATO** | Contrato de servizos | | |
| **OBXECTO DO CONTRATO** | **Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña)** | | |
| **CÓDIGO CPV** | 85310000-5 Servizos de asistencia social.<br>85312000-9 Servizos de asistencia social sen aloxamento.<br>85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos.<br>98513310-8 Servizos de axuda en tarefas domésticas | | |
| **PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN** | Procedemento aberto (art. 156 LCSP) Suxeito a regulación harmonizada (art. 21 LCSP) | **TIPO DE TRAMITACIÓN** | Ordinaria |
| **VALOR ESTIMADO** | 4.194.485,81 € | **VARIACIÓNS 10%** | 91.123,78 € |
| **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN** | 947.687,29 € | **IVA 4%** | 36.449,51 € |
| **FINANCIAMENTO** | A maior parte do financiamento provén da Xunta de Galicia e da Administración Estatal, onde para o ano 2024 consta a asignación de 12,00 €/hora. Por contra, os usuarios do servizo aportan unha mínima parte de importe variable segundo a súas condicións económicas, sociais, etc. Por último, o concello de Pontedeume, financia a restante importe até cubrir o total do custo . | | |
| **PRAZO DURACIÓN DO CONTRATO** | **1 ANO** | **PRÓRROGAS** | Prevense anuais, até un máximo de 3 prórrogas e un total de 4 anos. |
| **NECESIDADE A SATISFACER** | Servizos de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia do Concello de Pontedeume (A Coruña) | | |

Xustifícase a **utilización do procedemento aberto** regulado nos artigos 156 (e seguintes da LCSP) e, suxeición á regulación harmonizada á vista das características e do importe do presente contrato.

Xustificase a **non división en lotes** do obxecto do contrato de acordo co artigo 99.3 da LCSP, á vista do informe do técnico responsable do contrato no informe de necesidade de data 19/10/2023.

Xustificase a **necesidade da realización do presente contrato** de acordo co informe do servizo afectado e cos artigos 28.1 e 116.1 e 116.4 e) e f) da LCSP polos seguintes motivos:

- A actuación a realizar é necesaria tal e como se xustifica no prego de prescricións técnicas particulares, satisfacendo unha competencia municipal segundo o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bases de Réxime Local (LBRL) e o artigo 80.2.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

- O prezo estimado do contrato axústase aos prezos xerais de mercado de acordo co disposto nos artigos 100.2, 101 e 102.3 da LCSP. A realización desta contratación é a forma máis idónea de satisfacer o interese público local.

**SEGUNDO.-** Realizar as seguintes actuacións na tramitación do expediente para a súa aprobación e convocatoria da licitación, sen prexuízo do que se sinale no informe xurídico que se emita a tal efecto:

- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas que definan o obxecto do contrato e as distintas prestacións a realizar.
- Unha vez que se incorporen no expediente administrativo os pregos de cláusulas administrativas particulares dar traslado á Secretaría Xeral para a emisión de informe xurídico.
- Que se dea traslado do expediente á Intervención Municipal para a fiscalización do expediente.

**TERCEIRO.-** Completado o expediente, remitirase ao órgano de contratación competente para a súa aprobación e para a apertura da fase de licitación.

**CUARTO**.- Publicar o presente acordo de incoación no perfil do contratante conforme ao disposto no artigo 63 da LCSP, sen prexuízo da publicacións dos seguintes documentos no DOUE con antelación e requisitos recollidos no artigo 135 da LCSP.

**QUINTO.-** Comunicarlle o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

**5.- MOCIÓN SOBRE O 650 ANIVERSARIO DA CRÓNICA TROIANA**

A Secretaria indica que o grupo municipal do BNG, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

**Moción sobre o 650 aniversario da crónica troiana.**

Toma a palabra o concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera, que da lectura a moción presentada:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A Crónica Troiana, é a día de hoxe a obra literaria en prosa medieval galega máis extensa que se conserva. O códice da Crónica Troiana ten 185 follas de pergamiño escritas a unha única columna, con letra francesa visiblemente de varias mans, e foi rematada o o 20 de xaneiro de 1373. Cúmprense este ano 2023, 650 anos do remate desta obra.*

*Actualmente a Crónica Troiana está na Biblioteca Nacional de Madrid., Cando o investigador Andrés Martínez Salazar a examinou para publicala, anota a modo de denuncia que, no encadernado moderno,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"tiene guardas de pergamino y tapas de chagrín verde con hierros, visillos y filetes de oro; en el tejuelo, sobre la piel, se lee: CRÓNICA / TRO- YANA / EN PORTUGUÉS"*

*A relación da Crónica Troiana cos Andrade e polo tanto con Pontedeume é evidente e directa:*

> ***"Sabbean quantos este liuro viren que eu Fernan Martiis, clerigo e capelan de Fernan Perez d ´Andrade, escriuiu este liuro des onde sse começa esta estoria ata aquí...e escriujo per mandato do dito Fernan Perez..."***

*A cita está inserta no folio cen da Crónica Troiana, é a nota que o escribán e tradutor da Historia Troiana deixa nesta versión galega do romance francés de Benoît de Sainte-Maure, que á súa vez transpuña as historias clásicas que deron lugar ao que se coñece como o ciclo de Troia na literatura medieval.*

> ***"Este liuro foy acabado vr¡t dias andados do mes de janeyro, era de mili et quatrogetos et onze anos. Et eu, o dito Ferna Martíis, clérigo, rrogo et pei;o, porlo amor de Deus et por saluamento de suas almas ..."***

*O autor de ambas citas é o tradutor e escribán principal da obra, Fernán Martíns, capelán de Fernán Pérez de Andrade, o Bo, que legou así para Galiza, ademais das mellores mostras do gótico galego, a cimeira da literatura medieval en prosa na nosa lingua. Do seu puño son directamente as primeiras cen páxinas da Crónica Troiana e mais as 119 a 128. As restantes, doutros colaboradores que facían parte do seu scriptorium. como deixa escrito o redactor da obra, Fernán Martíns*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o* ***Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego*** *somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes* ***ACORDOS****:*

1. *Instar ao goberno local a promover unha programación cultural para poñer en valor esta efeméride, os autores, o contexto e a propia obra, divulgándoa entre a veciñanza.*
2. *Instar ao Parlamento de Galiza e aos grupos parlamentarios a demandar ao goberno do estado a devolución da Crónica Troiana a Galiza.*
3. *Instar á Xunta de Galiza a liderar ao resto de administracións implicadas en atopar un emprazamento idóneo (medidas de seguranza, control de parámetros ambientais, acceso a investigadoras, divulgación cultural...) para a Crónica Troiana valorando especialmente lugares xeograficamente vinculados a Fernán Pérez de Andrade*

Indica don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG, que é unha moción cultural para recordar o valor dunha cidade como Pontedeume, e implicitamente está a petición de buscar un sitio e recuperala para Galicia ou incluso un lugar vinculado cos Pérez Andrade. Indica tamén que a exposición de motivos está practicamente copiada do número 1 dos cadernos do Ateneo Eumés asinada por don Francisco Correa Arias.

Toma a palabra dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira do PSdeG-PSOE que indica que o goberno está moi sensibilizado ca historia da vila, e xa se puxo de manifesto hai uns anos coa celebración do 750 aniversario da fundación da vila de Pontedeume, que pretenden dar divulgación a autores que xa se coñecen así como a novos autores e novos feitos, datos relevantes da historia de Pontedeume, que hai que



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

poñer en valor e dar a coñecer, como por exemplo a dignificación de Isabel de Castro de Andrade que foi a primeira poeta galega que tamén era eumesa; e loxicamente que veña para Galicia e poda achegarse a nosa terra esta obra, lles parece estupendo porque daría posibilidade para poder coñecelo a todos os eumeses e tamén todos os galegos.

Continúa dicindo que en referencia á promover unha programación cultural para a súa divulgación, vai inherente no concepto que o Goberno ten da cultura e do traballo a través do departamento de cultura, hai que promover sempre e divulgar entre todas as persoas, novas e maiores, todos os feitos históricos e autores que puxeron a vila de Pontedeume nun lugar no mapa.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do PP, que indica que van apoiar a moción, pero que lle gustaría incluír no punto terceiro... "na que se involucre a Ramón Lorenzo como principal investigador da obra"

Responde don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG, que é descoñecedor dese dato, pero indica que se incorpore un cuarto punto á moción e que se vote por separado, porque el absterase por ser descoñecedor dese dato.

Sen máis intervencións, a moción enmendada que se somete a consideración seria a seguinte:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A Crónica Troiana, é a día de hoxe a obra literaria en prosa medieval galega máis extensa que se conserva. O códice da Crónica Troiana ten 185 follas de pergamiño escritas a unha única columna, con letra francesa visiblemente de varias mans, e foi rematada o o 20 de xaneiro de 1373. Cúmprense este ano 2023, 650 anos do remate desta obra.*

*Actualmente a Crónica Troiana está na Biblioteca Nacional de Madrid., Cando o investigador Andrés Martínez Salazar a examinou para publicala, anota a modo de denuncia que, no encadernado moderno, "tiene guardas de pergamino y tapas de chagrín verde con hierros, visillos y filetes de oro; en el tejuelo, sobre la piel, se lee: CRÓNICA / TRO- YANA / EN PORTUGUÉS"*

*A relación da Crónica Troiana cos Andrade e polo tanto con Pontedeume é evidente e directa:*

> ***"Sabbean quantos este liuro viren que eu Fernan Martiis, clerigo e capelan de Fernan Perez d´Andrade, escriuiu este liuro des onde sse começa esta estoria ata aquí...e escriujo per mandato do dito Fernan Perez..."***

*A cita está inserta no folio cen da Crónica Troiana, é a nota que o escribán e tradutor da Historia Troiana deixa nesta versión galega do romance francés de Benoît de Sainte-Maure, que á súa vez transpuña as historias clásicas que deron lugar ao que se coñece como o ciclo de Troia na literatura medieval.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***"Este liuro foy acabado vr¡t dias andados do mes de janeyro, era de mili et quatrogetos et onze anos. Et eu, o dito Ferna Martíis, clérigo, rrogo et pei;o, porlo amor de Deus et por saluamento de suas almas ..."***

*O autor de ambas citas é o tradutor e escribán principal da obra, Fernán Martíns, capelán de Fernán Pérez de Andrade, o Bo, que legou así para Galiza, ademais das mellores mostras do gótico galego, a cimeira da literatura medieval en prosa na nosa lingua. Do seu puño son directamente as primeiras cen páxinas da Crónica Troiana e mais as 119 a 128. As restantes, doutros colaboradores que facían parte do seu scriptorium. como deixa escrito o redactor da obra, Fernán Martíns*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

1. *Instar ao goberno local a promover unha programación cultural para poñer en valor esta efeméride, os autores, o contexto e a propia obra, divulgándoa entre a veciñanza.*
2. *Instar ao Parlamento de Galiza e aos grupos parlamentarios a demandar ao goberno do estado a devolución da Crónica Troiana a Galiza.*
3. *Instar á Xunta de Galiza a liderar ao resto de administracións implicadas en atopar un emprazamento idóneo (medidas de seguranza, control de parámetros ambientais, acceso a investigadoras, divulgación cultural...) para a Crónica Troiana valorando especialmente lugares xeograficamente vinculados a Fernán Pérez de Andrade*
4. Se involucre a Ramón Lorenzo como principal investigador da obra.

A continuación procédese a realizar a votación da proposta enmendada por partes:

Sométese a votación os puntos un ao tres da proposta enmendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte**:**

1. Instar ao goberno local a promover unha programación cultural para poñer en valor esta efeméride, os autores, o contexto e a propia obra, divulgándoa entre a veciñanza.
2. Instar ao Parlamento de Galiza e aos grupos parlamentarios a demandar ao goberno do estado a devolución da Crónica Troiana a Galiza.
3. Instar á Xunta de Galiza a liderar ao resto de administracións implicadas en atopar un emprazamento idóneo (medidas de seguranza, control de parámetros ambientais, acceso a investigadoras, divulgación cultural...) para a Crónica Troiana valorando especialmente lugares xeograficamente vinculados a Fernán Pérez de Andrade

Sométese a votación o punto cuarto da proposta enmendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 11 VOTOS A FAVOR,** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª Mª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal; e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓN** do concelleiro do grupo municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte**:**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. Se involucre a Ramón Lorenzo como principal investigador da obra.

**6.- MOCIÓN PARA A REVISIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS CONTRARIOS Á MEMORIA DEMOCRÁTICA**

A Secretaria indica que o grupo municipal do BNG, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

**Moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática**

Toma a palabra o concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera, que indica que se debería proceder a revisar as honras e distincións que outorgou este concello, no seu día, xa que á vista da Lei de memoria democrática, non se deben manter no tempo; e a continuación da lectura a moción presentada

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O informe da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, aprobado en París o 17 de marzo de 2006. sinala que durante a Guerra de España cometéronse crimes moi graves e que durante a posterior ditadura franquista instaurouse un sistema político autoritario que reprimiu sistemática e masivamente calquera indicio de oposición política. Segundo indica o citado informe do Consello de Europa, desaparicións forzadas, execucións extraxudiciais, detencións arbitrarias, políticas de campos de concentración, traballos forzados, torturas, violacións producíronse sistematicamente en España*

*Na lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura franquista son repudiados e condenados; e o réxime xurdido do conflito militar iniciado co devandito golpe militar é declarado ilegal.*

*Na mesma lei de Memoria Democrática sinala a necesidade de preservar e manter a memoria das vítimas da guerra e da ditadura franquista, mediante o coñecemento da verdade, como dereito das vítimas, o establecemento da xustiza e o fomento da reparación. Polo que considéranse elementos contrarios á memoria democrática (artigo 35) as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas e calquera outro elemento ou obxecto anexo a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se fagan mencións conmemorativas de exaltación, persoais ou colectivas da sublevación militar e a Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que apoiaron a ditadura*

*Así son as administracións competentes as que deben adoptar as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar o outorgamento dos recoñecementos, honras e distincións con anterioridade á entrada en vigor desta lei que sexan manifestamente incompatibles cos valores democráticos (artigo 40). Tamén é evidente a necesidade de que as administracións públicas realicen actuacións encamiñadas á restitución da dignidade das vítimas e á difusión do sucedido a través de actos conmemorativos e homenaxes públicas e instalación de lugares públicos de memoria, cunha perspectiva de reparación ás vítimas e de profundización e consolidación da memoria democrática (artigo 48).*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o* ***Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego*** *somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes* ***ACORDOS****:*

*1. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura, nomeadamente: urbanización Salgado Torres, praza Álvaro Vázquez Penedo*

*2. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias no marco da Lei de Memoria Democrática mediante a retirada de títulos, distincións e homenaxes concedidos a persoas vinculadas coa ditadura, nomeadamente: Manuel Fraga, Álvaro Vázquez Penedo, , Eugenio López y López (fillos adoptivos) Gumersindo Varela Paz (fillo predilecto)*

*3. No marco do recoñecemento ás vítimas, instamos ao goberno local a avanzar na construción dun Monumento ás vítimas da violencia franquista, que algunha asociación eumesas xa ten plantexado publicamente".*

Toma a palabra o concelleiro portavoz do grupo municipal do PP, don Santiago José Rodríguez Piñeiro, para indicar que o Partido Popular está en contra da Lei de Memoria Histórica, pero que non son quen para dicir que se incumpra unha lei que está en vigor; polo que indican que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra a concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE dona Alejandra Bellón Tenreiro, que di que esta Lei é unha das leis das que se senten máis orgullosos, que esta enchendo un vacío en moitas familias que había que reparar. Sen embargo quere ir punto por punto para detallar esta moción; indica que todos teñen claro quen foron os represores nos cargos máis altos; pero cando hai que baixar a vila e a política e vida local os casos hai que analizalos cun pouco máis de tento, sobre todo pola susceptibilidade que pode xerar a nivel popular.

Continúa dicindo que no punto 1 proposto onde indica "*rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura, nomeadamente: urbanización Salgado Torres, praza Álvaro Vázquez Penedo",* indica que a Urbanización Salgado Torres é privada e no lles compete ao Concello a súa denominación; e en relación a Vázquez Penedo, di que hai unha historia detrás deste mestre, por iso e polo que din que hai que ir ao detalle, non se pode aplicar de forma xenérica a Lei.

Continúa dona Alejandra Bellón Tenreiro que en relación ao apartado segundo da moción "*retirada de títulos, distincións e homenaxes concedidos a persoas vinculadas coa ditadura";* no ano 2008 o PSdG-PSOE presentou unha moción para retirada de títulos de fillo predilecto a Francisco Franco e a Pilar Franco Baamonde; adiantándose unha década á Lei. Fan a proposta de formar unha comisión de historiadores ou eruditos que coñezan a historia desta vila, que faga un estudio dos casos que hai e ver se entran dentro do inciso da Lei de memoria histórica *"haber formado parte del aparato de represión de la ditadura franquista";* e en concreto para os casos que se citan na moción, Álvaro Vázquez Penedo, Eugenio López y López (fillos adoptivos) Gumersindo Varela Paz.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Continúa dicindo que no apartado terceiro da moción "*avanzar na construción dun Monumento ás vítimas da violencia franquista",* indica que este proxecto xa está encamiñado, que xa tiveron reunións coas asociacións, os primeiros pasos están dados.

Para finalizar indica que non vai ser o grupo municipal do PSdeG-PSOE quen vote en contra da Lei de Memoria histórica, pero a casuística de Pontedeume non é a mesma que a do Estado ou de cidades grandes; polo que a creación da comisión lle parece o mellor para seguir traballando neste asunto.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG, para indicar que non hai problema por engadir un 4 punto de creación da comisión.

Toma a palabra o Sr. Presidente, que indica que tamén habería que corrixir o punto 2, porque non van a votar retirar esas honras e distincións aos citados nese apartado e logo crear a comisión que fago o estudo; indica que por exemplo as honras e distinción do Mestre Vázquez Penedo foi un expediente impulsado polo seus alumnos, polo que parece que non hai motivo algún para retiralo porque non hai vinculación co réxime franquista, só por ser alguén que estaba no movemento como a metade do funcionariado daquel momento. O que hai que ver e se este expediente, e os demais se atopan nalgúns dos supostos que a Lei de Memoria Histórica tipificados para retirar esas honras e distincións.

A continuación establecese un debate para dar unha nova redacción as puntos do acordo, que finalmente a moción enmendada queda como se transcribe

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O informe da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, aprobado en París o 17 de marzo de 2006. sinala que durante a Guerra de España cometéronse crimes moi graves e que durante a posterior ditadura franquista instaurouse un sistema político autoritario que reprimiu sistemática e masivamente calquera indicio de oposición política. Segundo indica o citado informe do Consello de Europa, desaparicións forzadas, execucións extraxudiciais, detencións arbitrarias, políticas de campos de concentración, traballos forzados, torturas, violacións producíronse sistematicamente en España*

*Na lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura franquista son repudiados e condenados; e o réxime xurdido do conflito militar iniciado co devandito golpe militar é declarado ilegal.*

*Na mesma lei de Memoria Democrática sinala a necesidade de preservar e manter a memoria das vítimas da guerra e da ditadura franquista, mediante o coñecemento da verdade, como dereito das vítimas, o establecemento da xustiza e o fomento da reparación. Polo que considéranse elementos contrarios á memoria democrática (artigo 35) as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas e calquera outro elemento ou obxecto anexo a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se fagan mencións conmemorativas de exaltación, persoais ou colectivas da sublevación militar e a Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que apoiaron a ditadura*

*Así son as administracións competentes as que deben adoptar as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar o outorgamento dos recoñecementos, honras e distincións con anterioridade á entrada en vigor*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*desta lei que sexan manifestamente incompatibles cos valores democráticos (artigo 40). Tamén é evidente a necesidade de que as administracións públicas realicen actuacións encamiñadas á restitución da dignidade das vítimas e á difusión do sucedido a través de actos conmemorativos e homenaxes públicas e instalación de lugares públicos de memoria, cunha perspectiva de reparación ás vítimas e de profundización e consolidación da memoria democrática (artigo 48).*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

*1. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura.*

*2. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias no marco da Lei de Memoria Democrática mediante a retirada de títulos, distincións e homenaxes concedidos a persoas vinculadas coa ditadura.*

*3. No marco do recoñecemento ás vítimas, instamos ao goberno local a avanzar na construción dun Monumento ás vítimas da violencia franquista, que algunha asociación e veciños xa ten plantexado publicamente.*

*4. Crear unha comisión para analizar cada un dos expedientes de honras e distincións concedidos neste concello a persoas vinculadas coa ditadura franquista, por se fora de aplicación o establecido na Lei de Memoria Histórica Democrática*

Toma a palabra Don Luis Pena Mosquera, que quere engadir que dende o grupo municipal do BNG propoñen como membro desta comisión a Manuel Monje que é un especialista en histórica democrática.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta enmendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR,** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª Mª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera e **2 ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte**:**

1. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura.

2. Instamos ao goberno local a exercer as súas competencias no marco da Lei de Memoria Democrática mediante a retirada de títulos, distincións e homenaxes concedidos a persoas vinculadas coa ditadura.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. No marco do recoñecemento ás vítimas, instamos ao goberno local a avanzar na construción dun Monumento ás vítimas da violencia franquista, que algunha asociación e veciños xa ten plantexado publicamente.

4. Crear unha comisión para analizar cada un dos expedientes de honras e distincións concedidos neste concello a persoas vinculadas coa ditadura franquista, por se fora de aplicación o establecido na Lei de Memoria Histórica Democrática

**7.- MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS**

A Secretaria indica que o grupo municipal do PSdG-PSOE, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

**Moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións**

Toma a palabra a concelleira-portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da lectura a moción presentada:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Quenda de Oficio, constituída por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantir un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos. O acceso á xustiza por parte de tódolos cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios, estimándose que un 82% deles valórano positivamente.*

*Somos profesionais con vocación de servizo público, prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se teña cotizado xamais polo tempo adicado a un servizo prestado, os 365 días do ano, sempre con dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. Por elo resulta imprescindible que se nos recoñezan os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos cidadáns. Malia atoparnos diante dunhas profesións nas que, tradicionalmente, asúmese por parte dos cidadáns que son ben remuneradas, a situación real é moi lonxana da imaxe social que se proxecta, xa que os avogados e procuradores da quenda de oficio carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquera outro traballador. As reclamacións do colectivo non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.*

*Na quenda de oficio non temos días libres, non temos dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dun familiar directo. Non existe norma que estableza os nosos dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesais. Non*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*temos dereito á conciliación familiar, laboral ni persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso. Todo isto estamos reivindicando.*

*Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo adoita resultar deficitario para os profesionais que o prestan. Abóanse cantidades irrisorias (20 euros por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo) ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados, recursos, actuacións extraxudiciais, redacción de escritos procesuais...). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros.... son asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non existe (págao o profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuíta son empregados dos colexios profesionais (pagados en parte coas cuotas aboadas por estes), os impresos, papel e copias, pagas o profesional e, para rematar, pero especialmente importante: os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto (nin se cotizan á seguridade social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).O profesional da avogacía e da procura, adscrito ou non á quenda de oficio, non ten dereito á xubilación. Vese obrigado a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións sono en contías na maior parte dos casos inferiores as dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a sua vida profesional. Ata o año 1995 estos profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores autónomos ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para os avogados cotizantes na Mutualidad General de la Abogacía ou en Altermutua, ou os procuradores na Mutualidad dos Procuradores, que todo o aportado queda atrapado nesa entidade privada*

*Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación ás mesmas para os novos colexiados, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidad de la Abogacía a que establecía as tablas de cotización de cada mutualista. Pero no momento da efectiva xubilación en ningún caso estanse aboando as pensións prometidas, xa que na maior parte dos casos son inferiores a 500 euros, aínda por riba non actualizables, son moitos os compañeiros/as que se están xubilando con pensións de entre trescentos e quinientos euros. Esa cantidade mensual é a que cobraremos ao longo de toda a nosa vida, sin que se lle aplique absolutamente ningún coeficiente de actualización, un xubilado que a día de hoxe cobre 400 euros, pasados vinte años cobrará 400 euros, manifestándosenos agora ademais que os nosos fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas lexislativas o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, moi alonxado do prometido, con pensións vitalicias ridículas, sempre inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.*
*Agora, novamente voltan a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente alabado e incentivado e,finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os profesionais constatan que os seus compañeiros máis vellos non se poden xubilar e que as estimacións dos que son máis novos poidan facelo son cada vez máis irreais. Non solicitamos ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuíntes ou do resto de traballadores. Interesamos que se nos permita trasladar o noso diñeiro que temos retido nas entidades privadas mutuais, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día con notarios e corredores de comercio. Prerendemos que se nos trate do mesmo xeito que ao resto de traballadores, rematando cun problema social que non debe seguir sendo obviado, nin*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*ocultado, nin parcheado, senón que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.*

*Os avogados/as e a procura mutualista non ten dereito a unha incapacidade permanente total, non temos pagas extraordinarias, non temos cese de actividade, os nosos fillos non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viudedade, os profesionais o longo da nosa vida profesional so podemos ter baixa por IT durante 365 días, en toda a nosa vida, e si o que padecemos en unha enfermidade psicolóxica, so durante 60 días podemos ter baixa por tal padecemento, ata 2012 non tíñamos nin seguro médico... todos eles son dereitos esenciais para calquera traballador, e os que loitan pola procura de estes dereitos nos tribunais carecen deles*

*Tanto a avogacía como a procura está loitando polo que é de xustiza ó longo de toda España, estas mocións están sendo presentadas en Concellos, Deputación e nos parlamentos autonómicos, na maior parte en forma de PNL presentadas por grupos políticos, todas elas sendo aprobadas de maneira unánime pola totalidade dos grupos, así xa se han aprobado PNL nos parlamentos de Andalucía, Galicia, Cantabria, Cataluña..., pendente de celebración en Murcia, Canarias, Madrid... polo concello e deputación de Cádiz, en Jaén, en Jerez, Ponferrada... aprobándose sempre por unanimidade. Por todo o exposto e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a sua aprobación, a seguinte*

*ACORDOS:*

*1. Instar á Xunta de Galicia e ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuíta.*

*2. Instar ao Goberno Galego e ao Gobierno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados e Procuradores da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.*

*3.- Instar ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercicio da profesión.*

*4.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Gobierno de España, a todo os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones."*

Quere recalcar a concelleira do PSdeG-PSOE dona Alejandra Bellón Tenreiro, en relación ao texto da moción, que é un pouco chocante que sendo os avogados da quenda de oficio os que están a defender os dereitos dos cidadáns ven os seus vulnerados; non teñen dereito a conciliación familiar, a remuneración é irrisoria, non se pagan transportes, seguros de accidentes, pagan as copias do seu propio peto e tampouco cotizan á seguridade social. Na actualidade xa se poden dar de alta no sistema de autónomos da seguridade social, pero non lles recoñecen os servizos previos a cando non se podían dar de alta na seguridade social; o que implica xubilación inferiores ao 500 euros, o seus cartos os teñen retidos en entidades privadas mutualistas; non teñen dereito a baixas por incapacidade laboral temporal e ata 2012 non tiñan seguro médico.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a concelleira do PP dona Montserrat Pico Rodeiro, para indicar que o seu voto vai ser a favor, e que este é un problema ao que se lle debe dar solución xa.

Toma a palabra o concelleiro do BNG don Luis Pena Mosquera, que di é fundamental seguir defendendo o estado de dereito para toda a cidadanía; pregunta se é unha quenda voluntaria ou obrigatoria e que ten unha parte de compromiso social que non se pode converter nunha beneficencia; continúa dicindo que falar de avogados non só e falar de grandes causas, senón de xente que teñen problemas económicos graves, laborais, divorcios, de familia... e entende que estas persoas teñen o dereito a ser atendidos en tempo, forma e con calidade; e isto ten que estar retribuído.

Toma a palabra o Sr. Presidente para agradecer aos grupos políticos o voto a favor desta moción, en especial ao PP de Pontedeume, xa que lle consta que noutros concellos non foi así, incluso na Deputación da Coruña.

Toma a palabra a concelleira do PP dona Montserrat Pico Rodeiro, para indicar o PP de Pontedeume, nunca irá en contra das melloras que se están pedindo, hai cousas mellorables pero o seu voto é a favor.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuíta.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Gobierno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados e Procuradores da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.

3.- Instar ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercicio da profesión.

4.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Gobierno de España, a todo os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones."

**8.- DAR CONTA DA ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DAR CONTA***

***ASUNTO: ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO***
***Expediente: 2023/P002/000002***

*O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 30 de marzo de 2023, ADOPTOU, entre outros, o ACORDO seguinte, que se transcribe en estrato:*

***...//...***

***«PRIMEIRO****.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto no Concello de Pontedeume.*

***SEGUNDO****.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica, para xeral coñecemento. Proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles, para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas, por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do concello de Pontedeume, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.»*
*...//...*
*O día 12.04.2023 publicouse no BOP núm. 69 anuncio de "Convocatoria elección Xuíz/a de Paz substituto do Concello de Pontedeume, que estivo exposto durante o prazo de 15 días hábiles.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Consta no expediente informe do Rexistro Municipal de exposición pública durante os días 12.04.2023 ata o 04.05.2023 ambos inclusive, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.*
*Consta no expediente certificada da Secretaria Municipal de 15.06.2023 onde se indica que:*
*...//...*
*«Que, salvo erro ou omisión involuntaria, e segundo informe que se me traslada de data 12/05/2023, no expediente de "Elección Xuíz/a de Paz substituto do concello de Pontedeume", non figura presentada, ningunha candidatura, no rexistro Xeral do concello de Pontedeume. »*

*O día 15.06.2023, vía correo electrónico trasládaselle ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o certificado da Secretaria Municipal.*

*No BOP núm. 123 de día 29.06.2023 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, publica edicto de "Concurso para xuíz de paz substituto/a de Pontedeume"*

*No BOP núm. 191 de día 5.10.2023 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, publica edicto de "Nomeamento de xuíz de paz substituto" do teor literal seguinte:*

*«A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día* ***22/09/2023****, acordou nomear, por u período de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/ fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou ultimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.*

***PONTEDEUME: substituto: DON FRANCISCO JOSÉ SAAVEDRA DÍAZ. DNI 36***371LD.***

*Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.*
*Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.*
*Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese»*

*Logo do exposto esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO****.- Dar conta da resolución da Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, publicada no BOP núm. 191 de 5.10.2023, nomeando como Xuíz de Paz substituto a don Francisco José Saavedra Díaz, con DNI 36***371LD*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA - PRESIDENCIA**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**PROPOSTA DACIÓN DE CONTA**

**DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 20 DE OUTUBRO AO 24 DE NOVEMBRO DE 2023 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE NOVEMBRO DE 2023**
Expediente TEDeC: 2023/G006/000222

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **555/2023** de 20 de outubro ao **644/2023** de 22 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

| Expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2023/G003/000619 | Resolución provisional das solicitudes presentadas ó abeiro das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2023-2024, segundo ciclo educación infantil, primaria e ESO do Concello de Pontedeume | 00555/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000622 | Solicita celebración matrimonial con UPP para o día 21/10 as 12:30 na casa de cultura | 00556/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000620 | Expediente sancionador de trafico 9bis 99500000029334 | 00557/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000481 | Convocatoria selección persoal bolsa administrativos/as grupo c1 | 00558/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000616 | Convocatoria técnico de administración xeral. Xefe de secretaría. A1 | 00559/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000614 | Convocatoria técnico de xestión A2. | 00560/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000613 | Bolsa de emprego-nomeamento funcionario/a interino/a bibliotecario/a-arquiveiro/a. | 00561/2023 | 20-10-2023 10:45 |
| 2023/G003/000467 | Solicitude subvención de obradoiro de emprego cos concellos de Cabanas, Miño, Paderne e Monfero. Artabroemprende. 2020 | 00562/2023 | 23-10-2023 11:12 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 13:56:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:29:00)
Versión imprimible
CVD: fmDSy82vWkcHcpTMI7tc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2023/G003/000628 | Inscricións talleres culturais curso 2023/2024- primeiro listado | 00563/2023 | 23-10-2023 11:12 |
| 2023/G003/000606 | Rehabilitación de edificación para albergue de peregrinos (hospitalillo) | 00564/2023 | 23-10-2023 11:12 |
| 2023/G003/000626 | Obras de pavimentación rúa Picho | 00565/2023 | 23-10-2023 11:12 |
| 2023/G003/000621 | Solicitude subvención socorristas 2023 | 00566/2023 | 23-10-2023 11:12 |
